

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE FOMENTO

**3751** *Corrección de erros do Real decreto 1492/2011, do 24 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de valoracións da Lei de solo.*

Advertidos erros no Real decreto 1492/2011, do 24 de outubro, polo se aproba o Regulamento de valoracións da Lei de solo, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega número 270, do 9 de novembro de 2011, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 14, último parágrafo, onde di: «Cando non se coñezan as reservas do recurso extraíble, o valor de capitalización,  $V$ , será o resultado de dividir o canon de extracción constante,  $R$ , entre o tipo de capitalización,  $r$ , en solo rural.», debe dicir: «b) Cando non se coñezan as reservas do recurso extraíble, o valor de capitalización,  $V$ , será o resultado de dividir o canon de extracción constante,  $R$ , entre o tipo de capitalización,  $r_3$ , en solo rural.».

Na páxina 14, no artigo 15, alínea b), onde di: « $V$  = Valor das instalacións da explotación no ano  $t$ , segundo o establecido no artigo 22, en euros.», debe dicir: « $V_t$  = Valor das instalacións da explotación no ano  $t$ , segundo o establecido no artigo 18, en euros.».

Na páxina 26, no anexo IV, primeiro parágrafo, onde di: «Para a determinación das primas de risco a que se refire o número 4 do artigo 22 deste regulamento utilizaranse como referencia as seguintes porcentaxes en función do tipo de inmovible:», debe dicir: «Para a determinación das primas de risco a que se refire o número 3 do artigo 22 deste regulamento utilizaranse como referencia as seguintes porcentaxes en función do tipo de inmovible:».